

INFORME
COMPETENCIAS EN INFORMACION(CI)

GRAO EN QUIMICA

Curso 2018-2019

1. Introducción: marco teórico e obxectivos da Formación en CI no Grao en Química
2. Aspectos xerais da formación en CI
3. Cursos impartidos 2018-2019 e requisitos
4. Desenvolvemento da formación en CI
5. Enquisas de satisfacción: opinión do alumnado
6. Conclusións

1. Introducción: marco teórico e obxectivos

Marco teórico

De acordo ao Programa de Formación en Competencias Informacionais (CI) da BUSC, marco teórico no que se desenvolven estas competencias, a Biblioteca de Química realiza actividades formativas dirixidas ao alumnado do Grao en Química que fomentan a capacidade para:

- Recoñecer as necesidades de información.
- Localizar e avaliar a calidade da información.
- Almacenar e recuperar información.
- Facer uso eficaz e ético da información.
- Aplicar a información para crear e comunicar coñecemento.

Obxectivos

En definitiva, que o alumnado do Grao en Química acade os seguintes obxectivos:

1. Ser capaz de recoñecer a importancia que ten a adquisición de competencias informacionais/dixitais e xestionar o tempo de estudio e traballo.
2. Coñecer os recursos de información e servizos a través da web da BUSC e os recursos TIC da USC.
3. Saber que é unha fonte de información e os diferentes tipos. Aprender a planificar unha busca e localizar información pertinente no catálogo da BUSC, bases de datos e na Internet. Avaliar correctamente a información atopada.
4. Ser capaz de aplicar unha metodoloxía científica básica na elaboración dun traballo académico e comprender a importancia de facer un uso responsable, ético e legal da información que se utiliza, citando e redactando as referencias segundo a norma internacional ISO 690: 2010.
5. Coñecer algunha ferramenta para presentar traballos académicos e como difundir e compartir información e a través de redes sociais. Entender o que é o acceso aberto. Aprender a xestionar a identidade dixital sen riscos.

A formación en Competencias Informacionais comezou impartirse na Facultade de Química en 2010 nos albores da titulación de Grao e asociada dende o inicio a asignatura de Bioloxía de 1º curso.

2. Aspectos xerais da formación en CI

- ❖ DENOMINACION XERAL —————> CINFO
- ❖ TEMPO ESTIMADO realización —> 30 h.
- ❖ NIVEIS OFERTADOS —————> Básico e Avanzado
- ❖ MODALIDADE —————> En liña (só 1 clase presencial)
- ❖ PLATAFORMA DE APRENDIZAXE —> Moodle (Campus Virtual da USC)
- ❖ PROFESORADO —————> Gracia M. Frutos Martínez
Mª Carmen Quintela Veiga

❖ ACREDITACIÓN → 1 Crédito ETCS E Diploma(para que o solicite)

3. Cursos ofertados 2018-2019 e requisitos

Ofertáronse os seguintes cursos:

-CINFO BASICO QUIMICA:

Actividades a realizar: Test inicial, 5 módulos teóricos con exercicios en cada módulo. Enquisa de satisfacción

-CINFO AVANZADO QUIMICA :

Actividades a realizar: Test inicial, 6 módulos teóricos con exercicios en cada módulo e test final. Enquisa de satisfacción

REQUISITOS para ser considerados APTOS(para ambos niveis) : deben realizar Test Inicial, todos os exercicios, Test final e acadar un mínimo de 5 na nota final do curso.

4. Desenvolvemento da formación

CINFO BÁSICO QUIMICA

Dirixido a alumnos de 1º de Grao en Química

Incluído na guía docente da asignatura de Bioloxía

Impartido no 1º cuatrimestre

--REALIZACION

Datas: 1/10/2018 a 31/10/2018

--PARTICIPACIÓN

Alumnado potencial: 111 (100%)

Alumnado inscrito: 61(50,83%)

Alumnado apto: 47 (77%)

Abandonos: 14 (23%)

CINFO AVANZADO QUIMICA

Dirixido a alumnos de 4º de Grao en Química (matriculados na asignatura TFG)

Incluído dentro das actividades obligatorias da asignatura TFG

Impartido no 1º cuatrimestre

--REALIZACION

5/11/2018 --5/12/2018)

--PARTICIPACION

Alumnado potencial: 115(100%)

Alumnado inscrito : 80(69,56 %)

Alumnado apto: 75(93,75%)

Abandonos: 5(6,25%)

CADRO RESUMO CI QUIMICA 2017-2018

NIVEL	DATA	Alumnado potencial	Alumnado inscrito	Alumnado APTO(con respecto aos inscritos)	ABANDONOS
Básico	1º cuatr.	111(100%)	61(54,9%)	47(77%)	15(23%)
Avanzado	1º cuatr.	115 (100%)	80(69,56%)	75(93,75%)	5(6,25%)

5. ENQUISAS DE SATISFACCION : opinión do alumnado

CINFO BASICO QUIMICA

Enquisas cubertas: 43

(As porcentaxes corresponden á máxima puntuación en cada epígrafe)

- ✓ Contidos adecuados.....48%
- ✓ Valoración dos exercicios.....20%
- ✓ Titoriais moi útiles55%
- ✓ Navegación moi boa...41%
- ✓ Axudara na sua formación39 %
- ✓ Recomendarían o curso51%
- ✓ Cualifican o curso (cun sobresaliente).....28%

No apartado das observacións, Indican os alumnos do Curso Básico que sería moi útil que se poidera acceder a información do mesmo en calquera momento para poder repasar como citar e elaborar a bibliografía; ademáis que debería ser obrigatorio coñecer o uso das plataformas dixitais.

CINFO AVANZADO QUIMICA

Enquisas cubertas: 35

(As porcentaxes corresponden á máxima puntuación en cada epígrafe)

- ✓ Contidos adecuados.....20%
- ✓ Valoración dos exercicios.....11%
- ✓ Titoriais moi útiles17%
- ✓ Navegación moi boa...22%
- ✓ Axudara na súa formación25%
- ✓ Recomendarían o curso25%
- ✓ Valoración das titoras.....45%

En canto as observacións o alumnado comenta que a busca nas bases de datos (Scopus, WOS e SciFinder)debería ensinarse en cursos anteriores e que debería incluír clases prácticas para o seu uso e manexo. Tamén que deberían mellorarse as preguntas dos tests.

En canto a data de realización; uns opinan que debería ser en setembro e outros que no segundo cuatrimestre.

Por outro lado, hai queixa de que sexa en galego.

6. CONCLUSIONS

A formación en CI nivel básico é unha actividade arraigada na Facultade de Química. Comezou impartirse en 2010 e dende entón ven desenvolvéndose con éxito de participación e resultados.

Neste curso académico 2018-2019, premiábase ao alumnado que superase o Curso en calquera, dos niveis con 1 crédito ETCS e a pesar diso baixou a participación no curso básico. A razón podería ser que o alumnado de primeiro aínda non sabe ben o significado do crédito. Tamén descendeu o alumnado do nivel avanzado. Cecáis porque a pesar de ser obrigatorio, non hai seguimento ni comprobación si o fan ou non o fan.

En canto as enquisas de satisfacción, os alumnos consideran útil os cursos para a súa formación nunha alta porcentaxe e solicitan unha mellora nos contidos e nos exercicios así como que se inclúan máis clases e exercicios prácticos.

Estes cursos de formación en competencias informacionais ademáis de poñer en valor a Biblioteca Universitaria engaden calidade ao Grao en Química, a Facultade de Química e en definitiva a USC.

En Santiago de Compostela, a 10 de maio de 2019

Elaborado por : Gracia M. Frutos Martínez,

Directora da Biblioteca da Facultade de Química